

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MARZO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día nove de Marzo de mil novecentos noventa e tres; ás oito e media do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno, oportunamente convocada e motivada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Coma Secretario accidental actúa Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Presidente pásase de seguido ó exame e estudio dos asuntos que confoman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día un de Marzo corrente.

2.- CONCESION DE LICENCIAS DE OBRA.-

Visto o expediente que se tramita a instancia da Sociedade Brotes S.L., relacionado coa actividade de Almacenaxe e Comercialización de Flores, na rúa San Francisco, nesta Vila, a Comisión de Goberno, dentro da súa competencia e mesmo na condición de órgano de asistencia permanente ó Sr. Alcalde, acorda non concede-la licenza para a devandita actividade tendo en conta un informe técnico, que se acha no expediente, de data 2 de Marzo corrente, no cal se sinala que o local non dispón do aillamento acústico necesario; por conseguinte, a Sociedade Brotes S.A.T. paralizará toda actividade que se poida realizar no devandito inmobile, baixo os apercebimentos legais.

Visto un expediente relacionado cunhas obras que se levan a cabo no inmobile nº 27 da rúa Salgado Moscoso desta Vila, propiedade de Dona Rosa Rivera e Don Xosé Pérez Reinaldo; e visto o informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, de data 4 de Marzo corrente, a Comisión de Goberno acorda requirir ós devanditos propietarios para que procedan á paralización das obras que levan a cabo no devandito inmobile,

tendo en conta que o mesmo xa está apuntalado e arriostrado; e asemade, que se presente o correspondente proxecto de rehabilitación do edificio en cuestión para o seu informe dado que é preceptivo a calquera tipo de derrubamento e á concesión de licencia, baixo os apercibimentos legais.

### 3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Antonio Rodríguez Gómez, representado por Don Benito Rodríguez, veciño de Sampaio, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca da súa propiedade sita no devandito lugar de Sampaio, estrada de Castrelo, fronte ó nº 25, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda que polo Sr. Aparellador Municipal se sinale se o seu informe de data 2 de Marzo corrente é bastante para ser notificado ó interesado ou ben cómpre estar pendente do desenvolvemento da figura urbanística na zona de que se trata nomeada Estudio de Detalle.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, no que prega información urbanística sobre terreos sitos na área de Santo Domingo, rúa de nova apertura nesta Vila, a Comisión de Goberno acorda deixalo pendente para un mellor e máis detido estudio.

Visto o escrito de Dona Carmen González soto, veciña de Francelos, de data 4 de Marzo corrente sobre aboamento de dereitos de sepultura terrea nº 19, que figura a nome do seu falecido cónxuxe, Don Francisco Seoane García, a Comisión de Goberno acorda que, a partir de agora, o aboamento dos dereitos sexan a nome de Dona Carmen González Soto, sen prexuízo de terceiros, e coa advertencia de que esta decisión non supón a prol da interesada dereitos de propiedade sobre a devandita sepultura terrea existente no Cemiterio Municipal.

### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Visto o escrito do Sr. Valedor do Pobo, en Santiago, que fai referencia a unhas queixas presentadas perante o mesmo por Don Enrique Raña Raña, veciño desta Vila de Ribadavia, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda dar traslado á devandita Autoridade dos informes técnicos que se atopan no expediente, e mesmo que tamén sexan coñecidos polo Sr. Raña Raña, ós conseqüentes efectos; salienta a Comisión de Goberno dun xeito especial o contido do informe do Sr. Veterinario titular, no que

se establece que a granxa de Don Braulio Soto Lorenzo está pechada; que os cortellos de Don José González Rodríguez, non teñen ningún tipo de animais; que Don José Canitrot Sánchez, ten un can que non dá mostras de agresividade e que se atopa sanitariamente dentro da lexislación vixente; Don José Durán Grova, ten un can e seis galiñas, os cales no momento da visita de inspección non amosan signos de enfermidade nin supoñen risco de contaxio para zona, e mesmo o can non é agresivo; neste senso, tamén establece o informe que o Sr. Raña Raña, segundo o propietario do can, provoca ó mesmo, cando se acerca á propiedade do seu amo lanzándolle pedras ou paus; por último, subliña o técnico que na zona hai un fedor molesto procedente dunha canle que discorre ó aire libre nun tramo duns dez metros na parte final da finca do Sr. Raña Raña, pois a dita canle recolle un desagüe da súa vivenda.

Toma coñecemento a Comisión de Goberno dos seguintes escritos:

Do Organismo Autónomo Correos e Telégrafos, oficina técnica de Ribadavia, sobre proxecto de supresión de franquicias.

Escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, sobre baixas no concepto tributario de urbana, no ano 1992, de Don Carlos Alvarez Quinteiro, Don Fidel Rodríguez Alvarez, dous recibos e Don Manuel González Campos, acordando polo tanto a baixa dos mesmos nos correspondentes documentos.

Escrito da Deputación Provincial de Ourense, sobre obras para este Concello de cooperación coas Entidades Locais para 1993, segundo o Decreto 350/92, do 26 de Novembro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de decidíndose que sexa o propio Concello quen leve a cabo a contratación da execución da obra e demais trámites, dando conta desta decisión á Deputación Provincial.

En relación cun escrito do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, Ourense, a Comisión de Goberno acorda que se dea traslado da certificación que se achega ó mesmo, sobre a detención de Don Domingo Mantilla González, á súa viúva Dona María Martín Castro, veciña de Ourense, con domicilio na Avda. Marín, nº 13, 4º C.

Visto o informe da Policía Local, de data 5 de Marzo corrente, a Comisión de Goberno, acorda requirir a Don Felipe Gálvez González, veciño desta Vila, para que, inmediatamente, proceda ó peche e clausura dun pendello que ten na rúa Consello, no que hai seis porcos, cans e galiñas, pola evidente repercusión

negativa sobre a sanidade ambiental, baixo os apercibimentos legais de aplicación das correspondentes sancións a que en dereito haxa lugar; que se dea traslado tamén deste acordo á Comisión Provincial de Medido Ambiente.

Escrito do Banco de Bilbao, que anuncia o vencemento dunha póliza de crédito en conta corrente con esta Entidade.

Escrito do Instituto de Formación Profesional, sobre petición de axuda para viaxe didáctica, decidindo a Comisión de Goberno que este asunto será estudado co gallo da confección do Orzamento Municipal para o ano 1993.

Partes de cloración de augas dos abastecementos de consumo público.

Escrito da Dirección Xeral de Tráfico, sobre inspección técnica do vehículo OR-0556-J, acordando que se leve a cabo esta inspección.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación a unha operación de baixas no contraído, no imposto de circulación de vehículos, por importe de 946.757 pesetas, segundo a relación que se presenta, que comeza con Dona María Luisa Pérez Fernández, ano 1982, por importe de 4.800 pesetas e remata con Don José Manuel Virtos Alvarez, do ano 1992, por importe de 5.400 pesetas.

E sendo as nove e vinte minutos da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-